




ANTOLOXÍA LITERARIA 1916-1936

LITERATURA GALEGA do século XX e XXI



RAMÓN CABANILLAS

(Cambados, 1876-1959)

POESÍA

No desterro (1913)

Vento mareiro (1915)

Da terra asoballada (1917)

O bendito San Amaro (1925)

Na noite estrelecida (1926)

A rosa de cen follas (1927)

Camiños no tempo (1949)

Da miña zanfona (1954)

Samos (1958)

TEATRO

A man da santiña (1917)

O Mariscal (1926)

PROSA

Antífona da cantiga (1951)

TRADUCIÓNS

Versos de alleas terras e de tempos idos (1955)

[Galipedia](#) / [BVG](#) / [RAG](#) / [Casa- Museo](#)

No desterro (1913)

CAMIÑO ADIANTE

Camiño adiante, triste sin congoxa,
a frente erguida, o paso ventureiro,
ó lombo un pau e nel cangada a roupa
envolveita nun pano, o pensamento
na chouza en que viveu seus anos mozos,
o amor á terra en que naceu no peito,
unha visión de brétema nos ollos
e unha copra nostálxica nos beizos,
camiño adiante... adiante... ¡sempre adiante!
alónxase da aldea o bo labrego.

Creente nas virtudes da súa raza,
valente no sufrir, forte, sereo
coa homilde maxestá daqueles reises
relixiosos, pastores e guerreiros,
que adouraban a Dios nas altas cumes
da noite no misterio,
tiñan por pazo unha cativa chouza
e o trono ó pé dun vello castiñeiro;
canso de sementar en terra escrava
de vergoñosos feudos;
agrillado por ladróns caciques,
amos sin lei e sin honor; famento
do día da xusticia que alumee
a libertá dos servos,
do día en que o fouciño
mangado no fungueiro,
sin piedá, sin perdón, a lume e sangue,
dende os castros suevos
ás covas en que os lobos se entobaron
baixe en nome de Dios e do Dereito;
buscando a redención... camiño adiante,
alónxase da aldea o bo labrego.

¡Abride paso ó loitador! Da mina
no temeroso e abafante seo,
sudando a fío baixo o sol ardente,
batido pola neve e polo vento

na montana, mollado na lameira,
entre as areas roxas do deserto,
sobre as ágoas do mar, no bosque virxe...
traballará pra redimir seus eidos
crebando sobre as testas dos tiranos
as cadeas que o teñen prisioneiro.

E trunfará na loita que en si leva
as forzas que han de darlle o vencemento:
¡fe cega no porvir, o nobre e santo
amor á terra en que naceu no peito,
unha visión de brétema nos ollos
e unha copra nostálxica nos beizos!

TARDE BAIXA

Sol de outono no mar calmo fungue o lume;
alá, lonxe, chirra un carro no camiño;
canta a ágoa no rodicio do muíño
e arrecende dos fiunchos o cheirume.

Por enriba dos tellados rube o fume;
esbardallan as laveras antre o liño;
roxa lúa, con fasulas de meniño,
aparesce da montana sobre o cume.

Zoa a mística campana. Nos lameiros
unha flauta; a dos sapos agoireiros.
Anda o trasno gargallando nos pinares.

Van e veñen luces roxas polo monte.
As rapazas van con medo cara á fonte.
Bravo, céltigo aturuxo fende os ares.

Vento mareiro (1915)

Acción Gallega (Hino)

¡Irmáns! ¡Irmáns gallegos!
¡Dende Ortegal ó Miño
a folla do fouciño
fagamos rebrilar!

Que vexa a Vila podre,
coveira da canalla,
á Aldea que traballa
disposta pra loitar.

Antes de ser escravos,
¡irmáns, irmáns gallegos!
que corra o sangue a regos
dende a montana ó mar.

¡Ergámonos sin medo!
¡Que o lume da toxeira
envolva na fogueira
o pazo señorial!

Xa o fato de caciques,
ladróns e herexes, fuxe
ó redentor empuxe
da alma rexional.

Antes de ser escravos,
¡irmáns, irmáns gallegos!
que corra a sangre a regos
dende a montana ó val.

LUME NO PAZO

Prendeu lume no pazo.

A roxa labarada
alumea a campía.

Atronan as campanas
o val.
Quentan o aire
espesas bafaradas
de fume.

Corre a xente
Berrando, atolondrada.

Ó arde-lo cume, as tellas
enroxecen e estalan.

Caen, cruxindo, as vigas,
e o lume ás catro bandas
envolve a torre.

Muxen
de medo os bois nas coadras.

A xente rube ó adro
pra ver onde é a disgracia
e ó mirar cara ó pazo
detense amontoada.

Érguense as mans ó ceo,
e sanguíñenta, tráxica,
refréxase nos ollos
a roxa labarada.

E un velliño, moi vello,
de quedelliñas brancas,
que vive de milagre,
xantando cando xanta,
vestido de farrapos
e durmindo onde cadra,
—todo por mor dun preito
de rendas atrasadas,
no que os donos do pazo
deixárono sin nada—,
ollando cara ó lume,
rise, barulla e fala
¡de ir busca-lo gaiteiro
para que toque a gaita!

CAMIÑO LONGO

Camiño, camiño longo,
camiño da miña vida,
escuro e triste de noite,
e triste e escuro de día...
¡camiño longo
da miña vida!

Vereda, vereda torta
en duras laxes aberta,
arrodeada de toxos,
crebada polas lameiras...
¡vereda torta,
ti onde me levas!

Camiño, camiño longo.
A choiva, a neve e as silvas
enchéronme de friaxe,
cubríronme de feridas...
¡camiño longo
da miña vida!

Vereda, vereda fonda
de fontes tristes, sin ágoa;
sin carballos que den sombra,
nin chouzas que den pousada...
¡vereda fonda,
ti cando acabas!

Da terra asoballada (1917)

¡PONDAL!

Na morte do poeta

Dou o queixume derradeiro o inxente
bardo doutras edás, forte e varudo
cantor dun pobo lexendario e rudo
asoballado de estranxeira xente.

Dos guerreiros de Suevia posto ó fronte,
ós pés a lanza e o batido escudo,
agárdao Breogán, doído e mudo,
antre os pinos da costa verdecente.

Mentres... da praia ó castro solitario
vai do vento costeiro no bruído,
como un puñal, este ferinte berro:

¡Morreu Pondal, o vello lexionario!
¡Caieu en terra o pino máis brandido!
¡Crebouse a lira celta de ouro e ferro!

¡EN PÉ!

A Lois Porteiro

¡Irmáns! En pé, sereos,
a limpa fronte erguida,
envoltos na brancura
da luz que cai de riba,
o corazón aberto
a toda verba amiga,
e nunha man a fouce
e noutra man a oliva,
arredor da bandeira azul e branca,
arredor da bandeira da Galicia,
¡cantémo-lo dereito
a libre, nova vida!

Validos de treidores
a noite da Frouseira
a patria escravizaron
uns reises de Castela.
Comestas polo tempo,
xa afloxan as cadeas...
¡irmáns asoballados
de xentes estranxeiras,
ergámo-la bandeira azul e branca!
¡E ó pé da enseña da nazón galega
cantémo-lo dereito
a libertar a Terra!

¡Irmáns no amor á Suevia
de lexendaria historia,
¡en pé! ¡en pé, dispostos
a non morrer sin loita!
¡O día do Medulio
con sangue quente e roxa
mercámo-lo dereito
a libre, honrada chouza!
¡Xa está ó vento a bandeira azul e branca!
A oliva nunha man, a fouce noutra,
berremos alto e forte:
"¡A nosa Terra é nosa!"

A rosa de cen follas (1927)

A ROSA QUE SANGRA

A alma é unha roseira
florecida, cuaxada
de rosiñas vermellas
e de rosiñas brancas.

Alegrías e penas
son o vento que pasa;
ás veces como un bico,
ás veces treboada.

Unha bágoa que xorde.
un riso que estala ...
¡son rosiñas que caen
da roseira da alma!

Miña nai que me arrola,
un amor que me chama,
a estreliña da gloria
no carreiro da esperanza...

Cando a vida comenza,
¡cantas rosiñas brancas!

Un filliño que morre,
un amor que se apaga,
a ilusión que afoga
no remuíño das augas ...

¡Cantas rosas vermellas
ó mediar a xornada!

Xa son vello, e o vento,
vento de treboada,
desfolloume a roseira,
a roseira da alma.

Pero esta dor da Terra
ferida e escravizada ...
¡que rosiña vermella!
¡como doe!, ¡como sangra!

Na noite estrelecida (1926)

O CABALEIRO DO SANT GRIAL (FRAGMENTO)

Galahaz, derradeiro, colle estreita vereda
que se adentra no monte, inqueda e segreda.
Sin espada nin lanza, sin escudo ni espada,
alma e vida nun soño e no ceo a mirada,
sin coidar de malfado, dragón ni encantamento,
o cabelo loiriño como airón dado ó vento,
escollido e chamado, vai ridente e lanzal,
que garda o corazón puro e limpo de mal.

Na escura corredeira cinguida de silveiras
escoitou voces irtas, medosas e tristesiras,
asubíos e ouveos, e chirridos de dentes,
e pasadas de lobos, e fungar de serpentes,
e veu brilar, ó paso de chouzaes espesos,
uns ollos sanguiferos, enmeigados e acesos,
que o axexaban firentes dende furos sombrizos.
Mais, Galahaz non treme de agoiros nin feitizos.
E de alí a tres xornadas de longo camiñar,
san e salvo, atopouse na ribeira do mar.


(...)

Namorado dun soño, na doce vaguedade
das néboas lumiosas da diviña Saudade,
ó mediar dunha noite, atopouse no fondo
dun chouzal sin veredas, e sinteu grande estrondo
de arrepiantes brados, como de cans fementos,
que abatían as árbores e atronaban os ventos.

Recuberta de espiñas e de cunchas de corno,
a gorxa bafarante como a boca dun forno,
de lubicán as poutas, os ollos de serpente,
envolta en labaradas de espeso fume ardente,
o aguillón pezoñento de lanza feridora,
apareceulle diante a Besta Ladradora.

Tremeu o cabaleiro e houbo gran pavor;
mais, aíña, tornando ó relixioso ardor,
latexante de esperanza, indo a ela dereito,
a espada escintilante encantoulle no peito.

***O Mariscal* (1926)**



A peza *O Mariscal* foi representada polo Centro Dramático Galego en 1994 dirixida por Marcelino de Santiago "Kukas".

FRAGMENTO



MANUEL ANTONIO

(Rianxo, 1900-1930)

POESÍA

Con anacos do meu interior (1920-22)

Foulas (1922-25)

De catro a catro (1926-27)

Sempre e máis despois (1917)

O bendito San Amaro (1925)

Viladomar (1926)

A rosa de cen follas (1928)

Poemas soltos datados (1918-28)

Poemas soltos non datados

De catro a catro (1928)

Sés, De catro a catro

INTENCIONS

ENCHERÉMO-LAS velas
ca luz náufraga da madrugada
Pendurando en dous puntos cardinaes
a randeeira esguía
do pailebote branco
Cas súas mans loiras
acenan mil adeuses as estrelas

Inventaremos frustradas descubertas
a barlovento dos horizontes
pra acelerar os abolidos corazóns
dos nosos veleiros defraudados

Halaremos polo chicote
dun meridián innumerado
Na illa anónima
de cada singladura
esculcaremos o remorso da cidade
Ela noitámbula desfollará
como unha margarida prostibularia
a Rosa dos Ventos do noso corazón

Encadearemos adeuses de espuma
pra tódalas praias perdidas
Xuntaremos cadernos en branco
da novela errante do vento
Pescaremos na rede dos atlas
ronseles de Simbad

E cazarémo-la vela
sobre o torso rebelde das tormentas
pra trincar a escota dunha ilusión.

A FRAGATA VELLA

Tel-os ollos distantes
decorados de rostos xoviaes
que os vellos mariñeiros
permutaron pol-os climas antípodas

Levas n-o leme
un pulo de brazos tensos
que retorceron os largacíos
horizontes d'o mar

O vento
 atortorando
desfollou d'os velamios
outonos de mocedades

Mercabas colares circunmeridiáns
n-os bazares d'estrelas

Amarrabas faros dispersos
c'o simblador calabrote d'o ronsel

Floreceches n-o Mar
primaveiras amargas
de foulas e escamallos

Inda que o vento encalme
tremela n-as tuas velas
unha rafega de transmigracións

N-ese teu corazón innumerábel
tamén enchen e debalan
as mareas d'o meu corazón.

OS CÓBADOS N-O BARANDAL

Atopamos esta madrugada
n-a gayola do Mar
unha illa perdida (1)

Armaremos de novo a gayola
Vai a saír o Sol
improvisado e desourentado

Xa temos tantas estrelas
e tantas luas sumisas
que non caben n-o barco nin n-a noite

Xuntaremos paxaros sin xeografía
pra xogar c'as distancias
das suas áas amplexadoras

E os adeuses d'as nubes
mudos e irremediabes

E armaremos unha rede de ronseles
pra recobrar as saudades
c'o seu viaxe feito
pol-os oucéanos d'o noso corazón.

En Son de poetas

SOS

Fomos ficando sos
o Mar o barco e mais nós

Roubanron-nos o Sol
O paquebote esmaltado
que cosía con liñas de fume
áxiles cadros sin marco

Roubaron-nos o vento
Aquel veleiro que se evadeu
pol-a corda floxa d'o horizonte

Este oucéano desatracou d'as costas
e os ventos d'a Roseta
ourentaron-se ao esquenzo

As nosas soedades
veñen de tan lonxe
como as horas d'o reloxe

Pero tamén sabemos a maniobra
d'os navíos que fondean
a sotavento d'unha singladura

N-o cuadrante estantío d'as estrelas
ficou parada esta hora:
O cadavre d'o Mar
fixo d'o barco un cadaleito

Fume de pipa Saudade
Noite Silenzo Frio
E ficamos nós sós
Sin o Mar e sin o barco
nós.

Recitado por Manuel Rivas
En Son de poetas
No programa A trabe de ouro

RECALADA

Atoparemos n-o peirán
as follas evadidas
d'o almanaque d'os nosos soños

As novas ruas de sempre
eishibirán o escaparate
d'as mesmas noivas inéditas

Fumaremos n-as pipas despeitivas
total-as transeúntes
hostilidades mudas

O vaso desbicado n-outro porto
remataemol-o eiquí n-o mesmo bar
cabo d'o mariñeiro descoñecido
que nos repite a mesma
ubicua sorriso loira

N-os burdeles xa saben
que a nosa moeda
ten o anverso de ouro
e o reverso sentimental

Os ecos imprevistos
d'o noso cantar sonámbulo
apagarán os focos d'a madrugada

Mañán despertaremos
n`-a ausenza d'esta xornada
Esquivouse unha folla
d'o diario efusivo

Eramol-os espeutadores
n-a prestidixitación
d'unha hora artificial.

NAVY BAR

Este bar ten balances
E tamén está listo
pra se facer á vela

Encheron-nos o vaso
con toda a auga d'o Mar
pra compor un cock-tail de horizontes

Pendurados d'as horas
atlas xeográficos d'esperantos
están sin tradución
E tatexan as pipas
c'o ademán políglota d'as bandeiras

Ese cantar improvisado
é o mesmo
que xa se improvisou n-algures

Quen chegou avisando-nos
d'esa cita nocturna que temos
c'o vento ao N E
n-a encrucillada d'as estrelas apagadas?

Eiquí bebe de incónito
O Mariñeiro Desconecido
-sin xeografía nin literatura-
A noite d'os naufraxos
c'o seu brazo salvavidas
aferrará con nosco unha vela de chuvascos

O vaso derradeiro
estaba cheo de despedidas

Pol-as rúas dispersas
ibamo-nos fechando
cada un dentro d'a súa alta-mar

N'o repouso d'algún vaso
todal-as noites naufraga o Bar.

O vento perdeu as follas
d'o seu cartafol
-esas que os chuvascos
mecnógrafos
tecolean n-o manual d'os mastros?
As gavotas non teñen quitasol
pero fan raudos equilibrios
po-lo aramio transparente
de total-as ortodrómicas d'o ceo
O pailebote sin velas
-Serán esas que o vento
levou n-o seu cartafol?
Tamén fai equilibrios n-o ronsel
C'a boca aberta
-cai-lle a baba-
está mirándo-nos o babión d'o Sol.

En Son de poetas

AO REVERSO D'A NOITE

Loceiros degolados
desangran-se de ouro n-o Mar
De par de nós

a Lua
fai ronseles infecundos

Mentras sonea a mareta
vai folleando n-o libro d'as velas

Irredentos velamios eshaustos
resiñados a pendurar d'a cruz

Estrelas inconscentes
mecanizan o ouseso tic-tac

A auga toda d'os oucéanos
ensumeu-se n-unha bágoa

E o pano branco d'o novo día
enxugará os ollos d'o ceo.

ADEUS

Antre a calima
traspondo o meu ollar
esquivou-se o velamio
Deixou-nos a badía
chea d'a sua ausenza
e a mañán sin perspeitiva

Agora en terra
arredado de mín mesmo
por un oucéano de singladuras
o vento da Ría
vai virando a folla de cada emoción

-O Sol indiferente
Sirena augardentosa d'os vapores


Un retrayo de fume
n-o rompeolas d'a paisaxe
Os engranaxes d'a grua
esmoen a mañán morna-

Debaixo d'os meus pasos
xurde o ronsel d'a Vila natal
Ela c'os seus brazos cheos de sono
teima salvar-me d'un naufraxo antigo
E os meus ouvidos incautos
queren dormir n'o colo
d'as cantigas vellas

Eu cacheaba todol-os segredos
d'as miñas mans baleiras
porque algo foi que se perdeu n'o Mar

alguén que chora dentro de mín
por aquel outro eu
que se vai n-o veleiro

pra sempre
coma un morto
c'o peso eterno de todol-os adeuses.



ÁLVARO CUNQUEIRO

(Mondoñedo, 1911- Vigo, 1981)

POESÍA

Mar ao norde (1932)

Poemas do si e do non (1933)

Cantiga nova que se chama ribeira (1933)

Dona do corpo delgado (1950)

Herba de aquí e de acolá (1980)

TEATRO

Función de Romeo e Xulieta (1956)

O incerto señor Don Hamlet (1958)

A noite vai coma un río (1965)

Palabras de víspera (1974)

Xan, o bo conspirador (1978)

PROSA

Merlín e familia (1955)

As crónicas do sochantre (1956)

Escola de menciñeiros (1960)

Si o vello Simbad volvese ás illas (1961)

Xente de aquí e de acolá (1971)

Os outros feirantes (1979)

Mar ao norde (1932)

1

Illa: oco insumiso
infantil xogo:
 xa non estás
entre a tua mesma luz.
Xa rodas lonxe dobregada en todo,
¡qué perfecta e qué descoñecida!
illa.

Poemas do si e do non (1933)

Noivado IV

Noite azul de silencio
esquina de sí mesma
ouvida polas amables
galerías da lúa.

Ninguén pensa a lonxana
melancolía morna
dos espellos de loito
dos teus ollos primeiros.

Creciches como donda
anguria de vidrados
aramio sin resposta
do teu sexo solícito.

De unha luz naufragada
entre roseiras verdes
fixeche quince anos.
- Un abano con paxaros.

A noite que non desce
vóltate a nós agora
coma ponte sin río
ou fiestra en terra firme.

Unha estampa de sono
a tua fábula afoga
núos os teus cabelos
de antiga noiva nova.

Cantiga nova que se chama ribeira (1933)

2

Amor de auga lixeira,
muiñeira

Amor de auga tardeira,
ribeira.

Amor de auga frolida,
cantiga.

Amor de auga perdida,
ña amiga.

3

Con auga de sede vella
namorar eu namoreina,
meu amigo!

Con unha herba lixeira
namorar eu namoreina,
meu amigo!

Namorar eu namoreina
con unha cantiga leda
meu amigo!

Namorar eu namoreina
con áer da primaveira,
meu amigo!

4

No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Canta ao luar e ao mencer
en frauta de verde olivo.
Quén poidera namorala,
meu amigo!

Ten áers de frol recente
cousas de recén casada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.
Quén poidera namorala,
meu amigo!

En Son de poetas
Amancio Prada canta a Álvaro Cunqueiro



AMADO CARBALLO

(Pontevedra, 1901 - Pontevedra, 1927)

PROSA

Os probes de Deus (1925)

POESÍA

Proel (1927)
O galo (1928)

O galo (1927)

O Galo

Abrell'as portas ao día
co-a chave do teu cantar
que xa na fonte da Lua
está lavada a mañán.

Bótall'o teu aturuxo
a paisaxe dend'o val
qu'o gran balbo das estrelas
cairá serodio no mar.

O campo cheo de frío
busca un anaco de sol,
alcéndelle unha fogueira
co lume da tua voz.

OUTA MAR

Sal o fato albar das foulas
á espallarse pol-o mar,
a lua vainas gardando
con fidelidá de can.

Encol do berce das ágoas
está o vento adormecido,
no ceo morno e cinzento
ficóu o día esquencido.

No mar noviño do trinque
báñanse as nubens preñadas
que pra curar mal de andacio
viñeron dend'a montana.

As estrelas pescadoras
maman o leite do abrente,
nas cuncas de pau das dornas
a espuma das velas ferve.

Nas ágoas do amañecer
a choiva larga o aparello,
fican pechadal-as roitas
e o mar tornarase cego.

Fuxe o día encol das ágoas
nas velas do galeón
que leva a estrela da tarde
na punta do botalón.

Cabela, cabelo
arado e traineira,
unha pol-o mar
outro pol-a terra.

PONTEVEDRA

(Século XIX)

*Pontevedra é boa vila
dá de beber á quen pasa
a fonte na Ferrería
San Bartolomeu na praza.*

No dondo colo do vento
quedous'a choiva durmida.
Lonxe as casas da cibdade
baixan á beber na ría.
Dos beizos escoa a copra
Pontevedra é boa vila.

Cand'o sol cae nas pedras
pescudando un grolo d'agoa
a sombrilla abren os árbores
par'o paxaro ximnasta.
Fervendo luz de lua fresca
dá de beber á quen pasa.

Choutando pol-os clocheles,
entrou o Corpus na vila.
Chora esquencida na rua
a gaita recen nacida.
O ceo vai com'un foguete
a fonte na Ferrería.

Trema no berce da tarde
a vella voz das guitarras
Ô pé da rexa amorosa
veu morrer o toque d'Animas
que bota a pastar nas nubens
San Bartolomeu na praza.

Proel (1928)

LIMIAR

Verde canzón aldeán...
Nún refrorecer de verbas
a breixa da emoción nova
qu'o inteleito peneira.

Na farpa donda da choiva
a mansa néboa mareira
pide esmola ás nosas almas
para redimil-a Terra.

(Pol-o vieiro da Galassia
viu a estrela devanceira
que preñou o fol da gaita
co vento mol da Proensa).

Apalpe o ollar asisado
liña e cor na Natureza
e deixando o mel no esprito
esbare a espresión certaíra.

A NOSA BANDEIRA

AZUL

Os pinos, foguetes verdes;
das suas ponlas pendurado,
chora o ceo estremecido,
do gris inverno amayado.

BRANCO

Os ledos regueiros,
mozos e algareiros,
van á romaría
tocando os pandeiros.
Pandeiros de prata,
de breixas, de neve,
vasos cristaiños,
onde o día bebe.

ESCUDO

O cáliz do sol reverte
roxo sangue do serán.
Sete estrelas, como pombas
que tornan ao seu pombal,
crucifican o silenzo
arredor do Sant-Graal.

NOITE MAREIRA

No ébano xélido
do *skating* da ría,
voltexando ledas
esbaraban as luces da vila.

No fío da praya
as dornas durmidas,
debruzadas carón da marea
nun soño de illas.

Nas ponlas do vento
o trebón pousado
era un moucho de negro prumaxo
que agoira os naufraxios.

Unha lua verde
penduraba no mouro silencio
un longo sorriso
de esquelete vello.

TABERNA

Chove fora. Nas pozas
aboya a luz do gas.
Na lameira da rua
entérrase un cantar.

Mariñeiros de Amberes
de Cork e Rotterdam...
O acordeón borracho
fala inglés, alemán...

.....

Na folla do coitelo
fuxe a luz cal no mar.

CAMPANAS

Quixera bañar
o meu corazón
no morno lirismo
d'un rayo de sol.

SPLEEN

O día amarelo
aboyaba morto
nas ágoas do ceo.

CALMA CHICHA

As ruas amarelas
con perguiza de bois
levaban deic'o mar
quentes feixes de sol.

NOITE

A cibdade pesca a ardora
e diante da sua rede
de luces d'ouro tomado
fuxe a lua como un peixe.

AFOGADO

A ágoa tan serea
como o ceo quedou,
mais aboya a luz da lua
o cadavre da sua voz.

Os probes de Deus (1925)

IV

No comedor era todo ledicia e algarabía.

Os asilados en dúas ringleiras, ao longo da mesa parolaban contentos.

Un cego chuscarrandeiro que fora probe das portas e sabía moitos ledos decires de malicia, contaba contos aldeans cheos de sán erotismo e saturados de mística devoción primeva. Anacos de mouras traxedias de lobos e bruxería. A Raíña encantada do monte Castrove que agarda o galan que ha desfacel-o seu feitizo, a lenda do San Ero de Armenteira, os prodixiosos milagres do Cristo de Xende e da Santa Comba.

O seu falar tiña un grave e armoñoso xeito de salmodia cal o acento doído con que pidichan un anaco de broa os probes e porfiados mendicantes da aldea.

Erguendo a testa, c'un sorriso desvergoñado nos beizos, o cego falaba agarimado e atento á total-as voces que soaban no seu arredor.

—Unha ves era un Rey...

Todol-os seus relatos enprincipiaban o mesmo —«Unha ves era unha moza»...

—«Unha ves era un lobo»... E había o rutinario escomenzo un deixo de lenda recollida da boca do pobo, unha santidade de estilo coma a dos vellos infolios das vidas de santos, que principian invocando a lus proteutora da Virxe María.

Todos estaban pendentes das suas verbas coa leda atención de nenos que soñan con reises e raíñas mouras, enfeitizadas por un fero xigante.

A hora do xantar, era a hora das expansións. Contábanse moitas novas, e algúns falaban embelesados da súa familia.

—Eu teño tres netiños pequerrechos —decía un. —Querenme moito e veñen moitas veces á visitarme. Eu aforro das esmolos que me manda a señora e mércolles lambonadas ¡Son moi bonitiños os meus netos!... Xa verás... un día heichos insinar.

Xeneralmente o outro calaba cheo d'envexa e mergura.

—Pois eu —falaba outro asilado— Teño un fillo moi listo que está a estudar ¿Sabes? ¡A estudar! —berraba para que todos ouvisen— ¡Si señor! Pagalle a carreira un señor marqués ¿E logo? ¡Un señor marqués!— e inchaba os mofletes ao decir o título, como se fose aquilo un dobre mérito— ¡Un señor Marqués! Non vos é un calquera... Aunque un é probe non está tan mal mirado, E verdá si señor...

E todos falaban das suas cousas sin ouvirse uns aos outros, para asombrar aos compañeiros, e gostaban da envexa dos que non podían decir outro tanto.

Somente o Pedro Lueiro calaba..., calaba sintindo que as bagoas facíanlle un mortal ñudo na gorxa.

Pol-as abertas fenestras entraba o Sol en súpetas breixas de ouro.



VICENTE RISCO

(Ourense, 1884-1963)

PROSA

Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros (1919)

O lobo da xente (1925)

A velliña vella (1925)

A trabe de ouro e a trabe de alquitrán (1925)

A Coutada (1926)

Os europeos en Abrantes (1927)

O porco de pé (1928)

O señor feudal (1930)

TEATRO

O bufón d'El-Rei (1928)

ENSAIO

Teoría do nazionalismo galego (1918)

Nós, os inadaptados (1933)

Mitteleuropa (1934)

[Galipedia](#) / [BVG](#) / [RAG](#) / [Fundación Vicente Risco](#)

Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros **(1919)**

Viña n-os anuncios de preferencia. Pouco explícito, mais atraguía o ollar vagariñante.

O Dr. Alveiros leuno, e quedous'a pensar. O fin escribiu pregando que lle deran explicaciós. El non sabía, afellas, segredo ningún; sabía o que saben moitos qu'andán ás voltas co-isas cousas do demo. Estudiar, estudiaba, pro lle non viña o díaño a soplar ás orellas. Escribiu porqu'era curioso.

Era home de moita cachaza e d'un forte escepticismo. Com'él hai moitos outros que andan a estudar as bruxerías; en este com'en outro calquera ramo da ciencia, os que tolean son poucos. Mais o Alveiros, dend'o día qu'escribíu, agardou a resposta c'unha impaciencia que medraba ô pasar cada día.

O fin, chegou. E puña:

Sr. D. Bieito Alveiros

Moi distinto señor:

Teño moito gusto en lle mandar as aclaraciós que desexa. Teño coñecemento das suas pubricaciós, e creo que vostede e o que tal pra me servire no conto. Agora, qu'o que eu quero que vostede faga se s'anima a elo é difícil. Tamén o premeo é merecente de qu'un faga un esforzo. Trátase de atopar un rescrito que podía volvel-o movemento a unha momia enfaixada y-embalsamada pol-os exipcios. Se vostede m'o pode dar, os trinta mil pesos son seus.

Pregandoll'o maior segredo, fica de V. afmo. S. S. q. ll. b. a. m.

R. Dehmel.

O Dr. Alveiros era un hom'honrado e nono pillaba un susto. No seu miolo había lóxica e craridade.

O meu comunicante R. Dehmel debe ser un tolo que ten unha momia exipcia e quere facela vivir. Ademáis e un iñorante; os exipcios tiñan un procedemento pra meter o "ka" (a) na momia o n-un monicreque, y-ese procedemento é coñecido do mundo moderno polo "libro dos Mortos..." Y-Alveiros escribiu:

Sr. D. R. Dehmel

Moi señor meu:

Doull'as gracias pola sua cortesía, mais adevírtolle qu'o segredo atrás do qu'anda vostede non-o é pra ninguén qu'houbiera estudiado ben as vellas creencias dos exipcios. No capítulo tal do chamado (b) "libro dos Mortos" edición tantas de tal ano, atopará o rescrito que lle convén. Xa vé que non son merecente dos trinta mil pesos.

Moi satisfeito de ll'haber podido faguer tan sinxelo servicio, fica de vostede atento e S. S. q. ll. b. a. m.

Bieito Alveiros.

Continuar lendo...

O lobo da xente (1925)

O sucedido que vou referir contáronmo como certo. Dixéronme onde foi, que foi preto de Trives; vive aínda quen mo contou, e que, cando era novo, coñeceu a todas as persoas que andaron na historia, porque tampouco non hai tanto tempo que pasou: haberá coma cincuenta ou sesenta anos. Mais entre aquel tempo e o noso hai moita máis distancia que a que eses sesenta anos representan: hai toda a que poñen a soberbia e a pseudo cultura.

Dígoo porque agora que andan os sabios esbesullándose para esculcaren unha chea de feitos desta clase, o vulgo letrado das vilas non quere dar creto a estas historias por máis que llo aseguren persoas asisadas e verdadeiras. Eu teño para min que os antigos sabían disto moito máis do que nós podemos sospeitar tan sequera, e que moito do que sabían os antigos aínda o sabe o vulgo iletrado das aldeas.

Mais imos ao conto.

Era polo castañar. O tempo era revoltó e outonizo, chovía por veces e facía tan escuro que era noite pouco despois de xantar. Ía un tempo coma de día de defuntos, e a tristura do mes das ánimas espallábase xa empardecendo o ceo por toda a banda.

O Ánxel andaba nun soto, onda o río da Cabalar. Era nativo de Sobrado e aínda non chegara ás quintas. Tiña o cabelo claro, os ollos azuís, as meixelas roxas. Tiña un gran peito e brazos fortes, e era coraxoso e valente. Estaba termando dun sequieiro e saíra nunha escampada a apañar folla no soto.

Continuar lendo...

Cóntanos **Literalingua** que...

**O texto baséase nas lendas populares de lobishomes.
O lobo da xente de Prado en Galicia Espallada.
O lobo da xente de Cereixedos en Galicia Encantada.**

A velliña vella (1925)

O escudeiro Pai Soares, que non fora na súa vida ao Santo Andrés de Teixido, ergueuse na súa cova e tomou camiño para ó Norte.

Camiñando, camiñando, surtiulle unha velliña vella, branca coma o luar, de loito vestida. Pai Soares fincou os xeonllos no chan beixoulle os pés.

-Pra onde vas, Pai Soares?

-Lonxe, cara ó Norte, ao Santo Andrés de Teixido.

-Non entrarás no ceo se aló non vas...

-Ides soliña e tristeira...

-Coroa podía eu levar na miña testa!.

-Se tiverades fillos que a recadasen!

-Logo é certo que o mundo principia unha nova vida?

-Andan a crebar as vellas madeiras.

-Tamén eu vou chamar ós meus fillos...

E a velliña colleu para a vila e chamou á porta dun seu fillo que era avogado.

-Veño a que defendas o meu dereito.

-Cal é, logo, o voso dereito?

-Houbo un tempo no que toda esta terra era miña, i os meus fillos tamén eran meus. Mais viñeron os meus veciños e fixéronse donos dos meus eidos, e máis asaíáronse na miña honra. E trocaron de tal xeito ós meus fillos, que case non os coñezo, nin iles me coñecen a min. Tanto se imitan os estraños... E como ti es avogado, quero que defendas o meu dereito, pra que me fagan xustiza, e me volvan os meus fillos, e me volvan o meu casal.

Respondeu o avogado:

-Señora, eu non podo defender o voso dereito, que non está escrito en ningún código. Eu non defendo máis que os dereitos que estean amparados pola lei.

E a velliña vella marchou coa ialma amargurada pola ruada da orballeira frienta, e foi onda un seu fillo que era escritor.

-Onda ti veño pra que me defendas. Ti escribes nos papeis e os homes escóitanche. Fíxéronme inxustiza e tiráronme o que era meu. O meu fillo avogado non me quere defender, porque o meu dereito non está nos códigos. Mais ti has falar por min, pra que a xente faga leis que me amparen.

Respondeu o escritor:

-Señora, a xente dáme tino porque lle falo do que ela quere. Quen ten que ver co voso dereito? Eu non vos podo defender, se non perderei o creto.

E a velliña vella marchou coa ialma amargurada pola rúa chuviñenta, petar a outra porta. E foi ver a un seu fillo que viñera das Américas con moito diñeiro.

-Aquí veño, onda ti, porque os que me podían defender, desbótanme; non queren pidir pra min xustiza, nin vingar as aldraxes que me fan. É que me ven probe. Mais ti darasme cartos i erguerei todos os meus fillos atrás de min.

Respondeu o americano:

-Señora, eu teño que atender cos meus cartos as obras que traio antre mans: eu fago escolas, asilos e hospitais que pasman á xente e pregoan o meu nome. Se eu vos dera tino, quen me iba chamar gran filántropo?

E a velliña vella fuxiu da vila e principiou a andar por unha corre道ira enlamada. Ó pé do camiño atopou a un dos seus fillos, que era labrego, traballando nun eido.

A velliña vella faloulle:

-Eu tiña terras, e xa non as teño; tiña fillos e os fillos déixanme. Andiven a pedir xustiza, pecháronme todas as portas...

O labrego escoitaba moi atento, botado pra diante, apoiado coas dúas mans no legón.

A velliña vella seguiu:

Andiven na vila petando a todas as portas, de todas me botaron. Agora veño onda ti, que me has defender contra todos. Se ti queres, recobrarei as miñas terras, os meus fillos voltarán onda min, e tornarei a ser o que fun.

O labrego respondeu:

-Señora, o que a vostede lle pasa, levar, lévame lástima... Afellas que ma leva!... Mais neste mundo, cada un goberna a súa vida e procura do seu... Velaí está: si viñera un goberno que quitara os foros, que quitara os caciques, que quitara os trabucos...

E revolveuse e seguiu sachando no eido.

A velliña vella, magoadada e tristeira foi andando, andando...

O escudeiro Pai Soares tornaba da súa romaxe, en procura da súa campa na igrexa da aldeia. No medio da gándara esquiva, atopou á velliña vella, a carón dunha pedra das que chaman pedra dos xentís.

Estaba petando nela cun croio, para espertar ós que dormen debaixo o sono eterno...

O porco de pé (1928)

Don Cilidonio:

Na postguerra, D. Celidonio ascendeu de porco a marrán e chegou a Alcalde. A parenta inflou coma o fol da gaita.

Agora é presidente da Xuntanza Cidadá e de Outras Sociedades. A parenta botou abrigo de chinchilla e petit-gris. Fixeron casa nova e teñen outro automóvil. Aínda podían ter máis.

Vouvos referi-la vida de D. Celidonio e do seu sogro e principal Baldomero Garcia, aquel que lles berraba ós seus mancebos: "¡¡¡Cando na miña casa entra unha peseta, para que volva a saír, cómpre facer un expediente!!!"

Deste xeito veréde-lo que vai de tempos a tempos.

De camiño tamén vos hei contar algo do seu antitético antagonista o Dr. Alveiros, o libertador da momia de Tutankamen, pois se non pode concebe-la unha sen a outra, xa que ademais de tódalas outras cousas que aquí se han ver, alquimicamente, con respecto ó diñeiro, o Dr. Alveiros é o Solve, e o D. Celidonio é o Coagula.

Non ha vir mal unha definición de entelequias:

Coagula.- Teño eu feita a descuberta da lei do diñeiro, que hoxe é a lei fundamental da Economía política. Esta lei é a seguinte:

"O diñeiro atráese un ó outro en razón directa da súa masa, e sen consideración ó cadrado da distancia".

Cando eu expuxen esta lei na mesa do fondo do Café Novelty, ó lado da porta de espelliños biselados por onde un vai ó mexadeiro, díxome Aser das Airas:

-Esa non é descuberta; iso non é mais cá lei da "acumulación da súper-valía", de Carlos Marx. /.../

Solve.- Fose Carlos Marx, fose eu, quen descubriu a lei do diñeiro, o que sei é que dar, dáse. Ora tamén, cando ó diñeiro lle pega a forza centrífuga -como lle acontece cando eu xunto unhas cadelas- daquela non hai quen o corte: devala e escoa coma a auga...

Don Celidonio é gordo e artrítico. O carrolo sáelle para fóra; na calva ten unha que outra serda; ten as fazulas hipertrofiadas, da cor do magro do xamón, e tan lustrosas, que semella que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánselle un pouco para baixo.

O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no vran súdao en regueiros aceitosos e en pingotas bastas, coma as que deitan os chourizos cando están no fumeiro.

Así como é graxento o corpo, tamén o miolo de D. Celidonio. Se lle escachasen a testa, que tiña que ser con pau-ferro e picaraña, en lugar dunha sesada había atopar un unto. Corpo e alma, tanto ten, todo é graxa e manteiga. Don Celidonio é igual por dentro ca por fóra: carne e espírito son a mesma zorza, mixturada e revolta, co mesmo adubo de ourego e pemento.

Pois, don Celidonio veu de Castela, de mancebo do Baldomero García, onde botou moitos anos curtindo os sabañóns, enzoufado no aceite e no bacallau. /.../

Cando chegou D. Celidonio, o seu principal non levaba garabata.

Daquela, D. Celidonio era un rapaz moi novo, gordo e case bonito. Se non cheirase a queixo fresco e a aceite, e aínda por tempos a gas, aínda, aínda... A filla de Baldomero

estaba afeitada ó cheiro.

Era máis vella ca D. Celidonio, máis ancha ca alta e non tiña pescozo. Non era tan enrabeada nin tan rabela coma a nai. Cortaba tan ben o xabrón, cun aramio delgado, que máis ben daba de menos ca de máis. /.../

Un día Dona Emerenciana enrabeouse de tal forma porque lle faltaron tres cadelas, que se puxo negra coma un condenado, e morreu de xenio, botando lume polos ollos. /.../

E D. Celidonio, que se lle fora o medo cervical que lle puña Dona Emerenciana, casou coa filla e o pai interesouno no negocio.

Eu non quero de ningunha maneira imaxina-lo que sería a noite de bodas, anque dende logo había ser cousa digna de ser referida. Debeu ser un idilio, o de D. Celidonio con aquela rebola, enzoufado, farturento e espeso, que se podería cortar con coitelo coma o touciño, e pesar pola libra galega.

Eu quixera cantar estes amores crasos e lardeiros, aquela mistura farta de dúas almas que se derrete unha na outra como se derrete na tixola a graxa dos roxóns.

Plácidos amores amansados, de tépeda quentura, que abala a alma durmiñenta, que se sente por eles lubricada, e sente un pracer dondo e lene, coma cando lle untan a un o nariz con sebo para curar un constipado, ou a barriga cunha untura de aceite de ruda, para sandar unha dor de ventre, cunhas fregas suaves, a gusto e a modiño...

Así como Dona Emerenciana morreu do mal xenio, Baldomero García do Comercio desta praza, morreu tamén como vivira: morreu restrinado*.

Toda a vida fora un raña, que non pensou máis ca en apretar e apretar e apretar: apreta-la bolsa, apreta-la gorxa, apreta-la barriga, a final, apretoulle a tripa e xa non andou máis. Morreu aforrando.

[Continuar lendo...](#)

O bufón d'El-Rei (1928)

Representada polo [Centro Dramático Galego](#)

FRAGMENTO

ENSAIO

Lería (1961)

Da medida das cousas.

"Ti dis: Galicia é ben pequena. Eu dígoche: Galicia é un mundo. Cada terra é como se fose o mundo enteiro. Poderala andar en pouco tempo do norte para o sur, do leste para o oeste noutro tanto; poderala volver andar outra vez e máis: non a has dar andado. E de cada vez que a andes, has atopar cousas novas e outras has botar de menos. Pode ela ser pequena en extensión; en fondura, en entidade, é tan grande como queiras, e dende logo, moito meirande de como ti a ves. ¿Non din os filósofos que o home é o "microcosmos", o compendio, o resumo do universo todo? Para canto máis unha terra con todos os homes que nela viven, un pobo que, se cadra, é unha sorte de Adam Kadmon... Do grandor do teu espírito depende todo; canto máis pequeno sexa, máis terra precisará. Se o teu pensar é fondo, a túa terra, para ti, non terá cabo; nela estará o mundo con todos os seus climas. Se o teu pensar se detén na codia das cousas, non digas tampouco: Galicia é ben pequena, es ti, que endexamais poderás concibir nada grande."

Cóntanos [Literalingua](#) que...

Lería é unha miscelánea de textos filosóficos, críticos e literarios publicada en 1961, que reúne traballos realizados dende 1920 a 1955

Nós, os inadaptados (1933)

Fragmentos.

I

Eu caracterizaría ós homes do meu tempo preocupados polas cousas do espírito, dicindo que eramos -e somos- os auténticos vencidos da vida (...) insatisfeitos, non conformistas, decote rebeldes. Vencidos da vida por inadaptados.

(...)

Efectivamente: introvertidos fomos ata non chegar a nós o galeguismo.

II

Os inadaptados son por definición os insatisfeitos do mundo sensible, os inimigos da realidade cotiá, os que procuran fuxir do medio que os rodea. De aquí a concepción da arte como evasión.

(...)

A nosa rebeldía consistía en segregármonos espiritualmente da sociedade, desapegármonos das súas tendencias e dos seus problemas, isolármonos na nosa

alteirosa indiferencia dos seus afáns e trafegos, das loitas e porfías e a comprímo-lo noso rol sen ledicia e sen pena, e principalmente sen interés ningún.

III

Eramos sinxelamente individualistas.

(...)

Non hai máis que ve-lo diferente significado que agora e entón ten e tiña a verba nós. Cando un do meu tempo dicía nós, se non refería endexamais ós da súa xeración, nin ós da súa clase; referíase decote a un pequeno agrupamento identificado no pensar e no facer, a unha escola, a unha capela, a un cenáculo (...)

X

Ora o problema é cómo sendo como eramos e como somos, individualistas, inadaptados, antisociais, antigregarios, introvertidos, puidemos vir parar nunha cousa que semella tan cotiá e gregaria, como é o nacionalismo galego que na esencia é a afirmanza teimosa e forte da grei galega.

A resposta está dada, moito mellor do que eu puidera facelo, por Ramón Otero Pedrayo na súa novela *Arredor de si*.

Arredor de si, máis que unha novela, é a autobiografía non dun só home, senón dun agrupamento, case dunha xeración. É a autobiografía do cenáculo do autor ó que eu pertencín tamén. Polo seu mesmo individualismo, polo seu por min confesado egocentrismo, o noso agrupamento andou todo o tempo dando voltas arredor de si -e cada un arredor de si mesmo- sen atoparse endexamais de todo.

(...) Despois de tantas voltas e revoltas, despois de tantas viravoltas e trasvoltas polas lonxanías do espacio e do tempo, en procura de algo inédito que nos salvara do habitual e vulgar, viñemos dar na sorprendente descuberta de que Galicia, a nosa Terra, oculta ó noso ollar por un espeso estrato de cultura allea, falsa e ruín, vulgar e filistea, ofrecíanos un mundo tan esteso, tan novo, tan inédito, tan descoñecido, como os que andabamos a procurar por aí adiante.

Teoría do nazonalismo galego (1918)

Galiza é unha nación:

"Galiza é unha nación. Galiza é un feito xeográfico e histórico que non se poden negar. Galiza é un organismo vivo, que, polo feito de selo, ten dereito á vida.

"Nós temos a obriga ineludible de desenrolar o seu xenio nacional na fala, na arte, no pensamento, no dereito, no traballo e de botar abaixo tódo-los impedimentos que se opoñan a elo /.../ Galiza pra ser enteiramente ceibe necesita dunha vontade nacional, cómprelle un 'querer' de tódo-los galegos de ser nación. E nós temos o mandado de crear en Galiza, ise querer ser nación, en ardoroso pelerinaxe de fe, en culto relixioso pol-o ideal, chegando a toda-las concencias e mergullándose en tódo-los camiños" /.../

"O Partido Galeguista defende a perduración das características da persoalidade galega e arela que Galiza, adequerindo concencia do seu propio ser, cultive o ideal de aquela persoalidade deica lograr un novo Rexurdimento do seu espírito".



OTERO PEDRAYO

(Ourense, 1888-1976)

PROSA

Pantelas, home libre (relato, 1925)

O purgatorio de don Ramiro (relatos, 1926)

Escrito na néboa (relatos, 1927)

Os camiños da vida (novela en tres libros, 1928)

Arredor de si (novela, 1930)

Contos do camiño e da rúa (relatos, 1932)

Fra Vernerio (novela, 1934)

A romaría de Xelmírez (novela, 1934)

Devalar (novela, 1935)

O mesón dos ermos (relatos breves, 1936)

O señorito da Reboraina (novela, 1960)

O fidalgo e outras narracións (relatos, 1982)

POESÍA

Bocarribeira (1958)

TEATRO

A lagarada (1928)

Teatro de máscaras (1934)

O desengano do prioiro (1952)

O fidalgo e a noite (1979)

Noite compostelá (1973)

Rosalía (1959; publicado en 1985)

[Galipedia](#) / [BVG](#) / [RAG](#) / [Fundación Otero Pedrayo](#)

Pantelas, home libre (1925)

PANTELAS, HOME LIBRE

I

A volta da escola

POL-OS fondos camiños campesíos corre a tropa riseira dos rapaces da escola; veñen da casa de doña Sabeliña murcha señora de pelgrina e mitós, antiparras e faliña pousada, que gasta a súa vellez no ensino das letras ós fillos dos ribeirans. No cruceiro de Alén, en pernas e calzós, ledos coma paxaros na frouma dos piñeirales apártanse os que viven no lugar mais outo – o Outeiro – d'aquela parroquia de Valdoso. Son tres: os dous fillos das *Chascas*, feios, guedelludos, de ollar vivo, malino, un ollar que s'apega ás cousas de comer ou romper, e outro, mais barudo e lanzal, d'aire conteñido e tristeiro. É o fillo da *Pantelas*. A súa nai, vella farrapenta, vive na casiña mais probe e esnaquizada do Outeiro, ó pé dos grandes penedos que se chaman *Coba da Serpe*. Viuda dende fai anos, de xenio raro, vive ganando o xornal nas sachas do millo, faguendo os móllos nas viñas murchas, roubando pitelos e piñas pra manter o lume na lareira. Dende a casa, coma nun mapa, mira

As onzas (1926)

A tertulia estaba ben animada. De cando en cando ouvíase un decorrer de ferrollos, ladraba o can, i entraba na sala un novo personaxe en compañía do frío vento de marzal. Xa estaban dende cedo as escribanas, nai e fillas, ocupando o mellor sitio rente á chemineia (o escribano restaba na casa chorando a lus que lle facía gastar aquilo endiañado preto de Oseira), o crego sentado coma sempre no grande arcaz labrado, atufado de rapé as nocas peludas, deixaba ver as polainas de guerra baixo o balandrán verdecente; o fidalgo esguío das Quintás cicais soñaba cos tempos da estudiantina, cando en Santiago era ademitido nos salóns e podía ler libremente daqueles libros que viñan de Francia. ¡Que mal fixera en non demorar na vila, il, home feito pra as luces do sigro e non pra esmorecer na aldeia lonxana deitada como un can ó pé dun maorazgo bobo e dun crego noxento e tiráneco! Mais aquela casiña brasonada, aquelas parras i a nai velliña trouxérano ó tristeiro estado de fidalgo cazador de coellos e farto de cuncas de caldo.

Tamén asistían as primas de Ourense e por descontado as fillas do maorazgo. Pequenas, fracas, dun raro e lucente ollar, andaban de eiquí pra alí, bufando xordamente entre elas e sin facer caso da probe nai, médeo parva, Misia Xacinta, que sentada no sillón i envolta en cobertores soilo se alegraba unha miguiña cando as moedas locían e soaban na mesa. Os fillos, ¡ulos! Tabernas e feiras había de abondo no país. Como non estivera algún coa testa rachada nas lousas do camiño das malas mulleres.

O maorazgo, o dono do grande pazo, sentíase triste aquela noite. De ordinario era de poucas falas; naquelas seráns xa longas, pasaba o tempo alancando polo corredor de pedra; nin lía os vellos libros da bibrioteca, nin cazaba, nin a penas se entendía cos peisanos. Un bimbastro de home, xa vellote, que soilo se lle quentaba o sangue á vista dunha boa moza.

Os derradeiros en chegar foron o capitán e a súa muller. El era o elemento dinámeco daquela tertulia de pantasma. Ela inda nova, sempre disposta e faladeira, andaba na angueira de erguer o patrimonio familiar (casiña e viñas, na ribeira outra casa, lameiros, touzas e rendas na parroquia do Chao) botado a disbarate polas toladas do pai, un vello aínda vedraio, amigo das mozas e do viño. O home, un militar liberal de vivo xenio, viñera había pouco do Norte onde se vira por fronte dos osos navarros de don Tomás e conocera as noites de marcha polos penedos vascos, as loitas moi de mañán entre a neboeira i o sirimiri, o carís nemigo das aldeñas calristas de curazón. Viñera desterrado porque o seu xenio demasiado franco e destemido non de contiña diante das parvadas estratéxicas dos xenerales da reina. Vivo e ledó, sempre tiña un ollar de desafío pra a sorna morna do abade.

Sentáronse e comezou a xogueta. O grande velón botaba unha luce pálida de lámpara de estudo sobre o fato de cabezas atentas ó correr das cartas. A señora fixaba na mesa o seu ollar abobado, o maorazgo non xogaba. Tristeiro e baleiro de pensamentos, paseiaba pola grande sala i a cada volta perdíase na escuridade facendo rencher as vellas táboas do piso.

De súpeto parouse e sintiu un arrepío de medo: na alacena onde se gardaba a louza xurdira unha nota cristiá, soila, temerosa na noite, unha pinga de psalterio de dúas copas que se tocaban. O maorazgo pensou: “É un aviso”. E quedou sen enerxía, disposto pra a desgraza que sen dúbida aletexaba polos arredores do pazo naquela fría noite de marzal. Nas verbas dos xogadores, no estralar do fogo, no ar frío que viña polas fentas das madeiras, non había nada de particular. Soilo a espera dalgunha cousa.

Salaíou o grande portón da muralla, i os ollos mortos do pai miraron o fillo máis grande entrar pola sala. Cativo, torto, enrugado, de ollos baixos, non parecía levar o sangue dunha caste fidalga. Era o herdeiro. Á morte do pai non se porían marcos nos eidos. Os irmáns pequenos terían que vivir cuáseque da súa esmola. Respeitado e temido pola torta intención, tiña sona nas festas e nos fiadeiros de tódalas parroquias veciñas.

Aquela noite estaba máis páleto; as súas mans finas lociron na mesa botando as cartas con maestría. O xogo creceu coa súa presenza; houbo emoción nos vellos e intrés no capitán, astra entón somentes cortés. De súpeto fíxose un grande silencio i abatiuse unha sombra nos rostros, cando o herdeiro pousou na mesa unha tras doutra, asta sete onzas de Carolus III.

Rematada de présa a tertulia, o pensamento de todos falou pola franca boca da muller do capitán. Era veciña de sempre i estimaba á xente do pazo. O herdeiro tiña a súa mesma idade. Colleuno a un lado:

-¡Ti fixeches algo malo! -dixo tremando e angustiada.

Un falso sorrir latexou nos beizos do mozo. Os veciños fóronse aixiña pra as súas casas. Fechouse o portón i acugulouse o silencio nas salas do pazo. A nai tolleita e parva tiña ollos de espanto.

A noite longa e fría foi percorrida por grandes ventos ouveantes. Ó romper o día a dúas légoas do pazo, as primeiras vellas que correron á misa atoparon o gandeiro morto no camiño fonde onde inda reinaba a noite. Ferido en loita franca ó voltar da feira, tiña sido romatado por man aristocrática polo prezo dunha xugada de bois.

Os camiños da vida (1928)



OS CAMIÑOS DA VIDA

PRIMEIRA PARTE

OS SEÑORES DA TERRA



Capítulo I

OS PAZOS NA SERÁN

FIGURA que todol-os pazos d'istas terras foron trazados á mesma idea; todos eles miran pr'á posta do sol» dixo o monxe pódose de peitos no grande balcón de ferros traballados.

—«Considere vosa Paternidade qu'os maorazgos non temos gran cousa que facer e eiquí, n'aldea, precisamos de boas vistas pra espaxer o ánemo, e de camiño vixilar as idas e voltas dos paisanos» respondéulle Don Caetano de Doncos o tempo d'ofrecere ó eclesiástico unha toma de rapé.

A serán xa unha miguiña outoniza, do setembro dourado espallábase docemente pol-os descubertos circos do hourizonte. Solenidade. Gosto da

Cambios...:

O señorío viña a menos. Algunha castes de fidalgos antigos íanse reducindo á condición de paisanos desque se partían os patrimonios, e separados non daban dabondo para mantelos de cabaleiros. Camiñaban uns para procurar a vida. Os máis ficaban traballando os eidos. (...). Pouquiño a pouco esquecían os hábitos do señorío: sentaban nas feiras na mesa dos paisanos, carrexaban o estrume, casaban coas fillas dos caseiros antigos e nunha xeración voltábanse en labregos que turraban da aixada, metíanse na roza.

O herdeiro dos Doncos no roubo do Priorato:

De alí a dous días, o herdeiro saíu xa ó empardecen: a súa figura cativa parecía máis pequeneira na fonda corredoira asombrada por grandes muros, xa enlizados pola esperta mocidade das silveiras agromadas. Preparábase -nubes griseiras no solpor acoubando catro trabes de lume roxo- unha noite de aire frío. O herdeiro entrou sin petar á porta, na casa da María Prisco, apegada como un niño de bubea a uns volantes penedos; a vella sabía moito das vidas das mozas e estaba ó tanto do espertar fisiolóxico de moitas delas. Non se demorou moito. Rubiu a parada da Seara e xa por dentro da finca seguiu hastra unha moutela de castiñeiros, choutou noutro muro e por entre nabeiras de ferrais encetadas meteu-se no monte das Baboseiras. Fuxía do camiño. Isto foi o que cavilou o señor Brais, que rubindo dos fondos das Lamas cun petolo ó lombo, albiscou ó señorito, pois os ollos dos paisanos vellos furan as tebras. Il mesmo camiñaba axiña pra escorrentar o medo. Os albres figurábanlle un bailar e algúns víñanselle a prantar diante; unha ponla retorta e rente ó chan chegou. coma o brazo dun gafo a collelo polas pernas. Gracias a un anaco de luar que se afirmaba no ceo, chegou á metade do monte. Dende alí o val do río acugulábase de tebras que xurdían dos arboredos, das quebradas; deseguida foi noite pecha e conforme avanzaba erguiase o ruído do Miño no cachón. O mozo aniñou entre dous penedos, defendéndose do gris das serras do norte. Moito tempo. Moito frío e moito medo. O pequeno luar, despoixa de botar un pano de lus riba dos penedos, foi sóilo un fachico lonxano. Coidou ouvir o trepar das poutas do lobo. Podía ser. Non, aquíl monte estaba moi escudriñado polos cazadores. Mais deseguida non foi ren o tempo, nin o medo: polas fiestras dunha casa que se non vía, correu unha lus, outra; logo estrondou un trabucazo. Logo o silencio pechado. O herdeiro lembrouse da mala sorte do Corda; quizais penduraba do muro co testa escachada.

[Continuar lendo...](#)

Arredor de si (1930)

Montaxe audiovisual do inicio da obra

Inicio de ‘Arredor de si’:

Nacía, coa mañá, a terra de Ávila. Luz extraña aos sucos infindos, xeados. Brillar ceibe do día. Dous choupos esquemáticos: a idea de choupo. Puro pensamento materializado na mañá. Pesadelo dunha misticidade obrigada. Desexo de cabalgar todo o día por aqueles chans quentes, bebendo luz, sentindo decorrer o sangue polo corpo. Erguemento azul da serra na planura. Soben e baixan os fíos do telégrafo. Contrasta a quentura, un pouco de alcoba de enfermo, de noite acugulada e durmiñenta do vagón, co brillar do día. Viaxa a noite apegada ás maletas, ás caras, ás mans, á lampada. /.../

fala Don Bernaldo:

“Quixen erguer o sentimento cristián da Galicia. Xuntar todo o esforzo dos galegos pra fundar un Reino. Ningún rei na Terra. A nosa Nación presidida soamente por Xesús.

Voltar a un cristianismo sinxelo /.../ Unha nación toda labrega e mariñeira, inimiga da riqueza, unha nación que cantara na fermosa lingua dos campos a gloria de Deus.

Tiven esa arela. Prediquei, escribín, avencellei vontades. Ameazáronme coa pauliña. Chamábanme tolo os compañeiros. Nas festas afastábanse de min coma se fora un gafo. Había xente que me seguía. Non tiven valor. /.../ Demitín o meu beneficio. Choraban algúns vellos patróns de pesca. Vin pra casa. Siñificaba o enterro do meu vivir.

Continuar lendo...

Ensaio histórico sobre a cultura galega (1930)

Santiago.

A historia do mundo concreta a súa enerxía criadora nalgúñas cidades selectas, e se, no mapa da conciencia moderna, Roma é a forza, París é a escola, Florencia a gracia e Londres a orde, Santiago é a fe, pero a fe vestida cunha evocación de soño e un camiño cara ó descoñecido. Ó mellor podía escribirse unha historia do mundo citando unha soa cidade: Compostela. Ela sen forza política e sen autoridade dogmática dinamizou o occidente, a peregrinación creou o camiño, e o camiño, ligando, elevando e afirmando as diversas xentes de Europa, foi viero de perfección da conciencia europea”.



CASTELAO

(Rianxo, 1886 - Bos Aires, 1950)

PROSA

Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto (novela curta, 1922)

Cousas (relatos con ilustración, 1926)

Os dous de sempre (novela, 1934)

Retrincos (1934)

ENSAIO

Diario (1921)

As cruces de pedra na Bretaña (1930)

Sempre en Galiza (1944)

As cruces de pedra na Galiza (1950)

TEATRO

Os vellos non deben de namorarse (representada en 1941)

DEBUXOS

Álbum Nós (exposición, 1920; edición impresa, 1931)

Cincoenta homes por dez réas (1925)

Cousas da vida (1925)

Galicia mártir (1937)

Atila en Galicia (1937)

Milicianos (1938)

Debuxos de negros

Cegos: os meus compañeiros

Galipedia / BVG / RAG / Fundación Castelao

Un ollo de vidro (1922)

Leutor:

Certo día fitoume unha vaca. Que coidará de min?, pensei eu; e naquel intre a vaca baixou a testa e sigueu comendo na herba. Agora xa sei que a vaca somentes dixo:

– Bo, total, un home con anteollos. E ao mellor eu non son máis que o que coidou a vaca. Velaí a ledicia de pensar que cando a miña calivera estea ao descuberto xa non poderá xulgarme ningunha vaca.

A morte non me arrepía e o mal que desexo ao meu nemigo é que viva até sobrevivirse.

Eu son dos que estruchan a cara pra apalpa-la propia calivera e non fuxo dos cemiterios endexamais.

Tanto é así que teño un amigo enterrador nun cemiterio de cibdade. Iste meu amigo non é, de certo, amigo meu; é somentes un ouxeto de esperencia, un coelliño de Indias. Un enterrador sabe sempre moitas cousas e cóntaas con humorismo. Un enterrador de cibdade que dispe e descalza aos mortos pra surti-las tendas de roupa vella, ten de sere home que lle cómpre a un humorista. Un enterrador que saca boa soldada co ouro dos dentes das caliveras tiña de sere meu amigo.

Iste enterrador tense por home de ben e cóntame cousas tráxicas que fan rir e cóntame cousas de rir que arrepían, e coas sorpresas da súa conversa fuxen as horas sen decatarme.

Boeno; o conto foi que un día collín o camiño do cemiterio e atopei ao enterrador un pouquiño non sei como, e despois de falarmos moito dixo que tiña que contarme en segredo unha cousa, sempre que eu fose home de ben e amigo leal. Eu fiquei un pouco encorado polo medo á sorpresa descoñecida e, despois de collerme polo ombreiro e arrechegarme os seus beizos podres á miña orella, díxome paseniñamente:

– Atopei uns papeles nunha caixa!... Nunha caixa que non sei de quen sería. O esqueleto tiña na calivera un ollo de vidro que me fitaba con senreira.

E o enterrador sacou de a rentes do coiro uns papeles enrugados. O enterrador non sabía ler e doumos a min pra que llos lese. Eran cachos de periódico, papeles de fumar... todos numerados, e no primeiro campaban istas verbas: “Memorias dun esqueleto”.

[Continuar lendo...](#)

[Descargar en pdf](#)

[Curtametraxe de animación](#)

Cousas da vida (estampas, 1925)

O humor gráfico de Castelao. Ben falado.

Cousas (1926)

Si eu fose autor excribiría unha peza en dous lances. A obriña duraría dez minutos nada máis.

LANCE PRIMEIRO

Érguese o pano e aparece unha corte aldeán. Enriba do estrume hai unha vaca morta. Ao redor da vaca hai unha vella velliña, unha muller avellentada, unha moza garrida, dúas rapaciñas bonitas, un vello petrucio e tres nenos loiros. Todos choran a fío e enxoitán os ollos coas mans. Todos fan o pranto e din cousas tristes que fan rir, ditos paifocos de xentes labregas, angurentas e cobizosas, que pensan que a morte dunha vaca é unha gran disgracia. O pranto debe ter unha gracia choqueira, para que estoupen de risa os do *patio de butacas*.

E cando se fartan de rir os señoritos baixará o pano.

LANCE SEGUNDO

Érguese o pano e aparece un estrado elegante adobiado co moito señorío. Enriba dunha mesa de pés ferrados de bronce, hai unha bandexa de prata, enriba da bandexa hai unha almofada de damasco, enriba da almofada hai unha cadeliña morta. A cadela morta semellará unha folerpa de neve. Ao seu redor chora unha fidalgona e dúas fidalguiñas novas. Todas elas fan o pranto e enxoitán as bágoas con paniños de encaixe. Todas van dicindo, unha a unha, as mesmas parvadas que dixeron os labregos diante da vaca morta, ditos tristes que fan rir, porque a morte dunha cadela non é para tanto.

E cando a xente do galiñeiro se farte de rir a cachón, baixará o pano moi amodiño.

Comentario

O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados como era o seu pai; pero denantes de saír da casa botoulle unha ollada ó retrato.

Os americanos xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirao do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas en procura do pai ensoñado.

De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato, ou aínda mellor portado, e Migueliño sentiu por el un grande amor, e canto máis se achegaba o americano, máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. Ai, o americano pasou de largo sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de querelo.

Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxeadado e o corazón dáballe que aquel era o seu pai. O rapaz devecía por bicalo a faltar.

¡Tiña un porte de tanto señorío! Ai, o americano pasou de largo e nin tan sequera reparou en que o seguían os ollos angurentos dun neno.

Migueliño escolleu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente.

E cando esculcaba con máis anguria fíxose cargo de que un home estaba abrazando a súa nai. Era un home que non se parecía ó retrato; un home moi fraco, metido nun traxe moi frouxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo...

Aquel si que era o pai de Migueliño.

Chamábanlle a ‘marquesiña’ e os seus peños endexamais se calzaron

Vai á fonte, depelica patacas e chámanlle *a Marquesiña*.

Non foi á escola por non ter chombra que pór, e chámanlle *a Marquesiña*.

Non probou máis lambetadas que unha pedra de azucre, e chámanlle *a Marquesiña*.

A súa nai é tan probe que traballa de xornaleira na casa do marqués.

¡E aínda lle chaman *a Marquesiña*!

[Continuar lendo...](#)

[Descargar en pdf](#)

Retrincos (1934)

Peito de lobo

Aínda eu era estudante cando se criou no meu maxín a idea de facer un cabezudo, e, como na mocidade todo semella ledó e facedeiro, busquei o tipo máis laído da vila para que tódolos veciños escachasen de risa, sen facerme cargo da miña falla de caridade.

Traballei de firme para remata-la obra, que xa era sonada polo meu creto de mañoso, e xa figuraba en letras de molde no programa de festas.

E chegou o día. Na praza non collía unha agulla. No adro da eirexa un rapaz toco portaba un feixe de foguetes debaixo do brazo, e o fogueteiro soplaba na mecha, agardando a primeira badalada das doce.

De súpeto tanxeron os sinos, estalaron os foguetes e unha «ben afinada banda» rompeu a tocar. A cousa xa non tiña remedio. Saíu o meu cabezudo e no mesmo intre a xente escachou a rir, como facía nas comedias dos titiriteiros.

— ¡É Peito de Lobo! ¡É Peito de Lobo!

Entón nun curruncho da praza xurdiron chíos firentes de mulleres que non daban atafegado un orneo que chegou a min coma un tremer de terra. Era Peito de Lobo que quería esnaquizarnos: ó cabezudo e mais a min.

Co medo que papei non puden gorenta-lo carneiro da festa. A cousa non era para menos. Peito de Lobo nunca quixo poñerlle man ós fillos por medo de romperlle os ósos, e contan que unha vez, querendo botar un barco ó mar, afundeulle o costal co lombo. Era moito home para min, que xa me sentía desfrangullado nas súas poutas de ferro.

No remate da comida, e cando miña nai comezaba a dar gracias a Deus por tanto ben como nos dera, velaí aparece diante de min a muller de Peito de Lobo.

— Pois... eu véñolle decir que se garde do meu home! Vostede é o pecado, señor! Eu xa lle perguntei: «Pero ti, home, ¿onde te puxeches para que che tirase tan ben?» E o probe non fai máis que decir: «As espullas heillas dar eu a el!» Porque, mire, señor, o que máis o maguou foi que lle imitase as espullas do nariz.

Aquela tarde limpei de espullas o nariz do cabezudo. Peito de Lobo, preso na casa pola súa muller e polo medo de matar a un home, acochouse cediño, ollando dende o leito como os foguetes de luces tinguían de prata, ouro, verde e rosa, as paredes encaleadas, escoitando o son esviado da música e o estourar dos fogos. E canso de bulir no leito quedouse coma un santo.

Pasaron meses e un bo día atopeime con Peito de Lobo no peirán da ribeira. En canto puxo ollos en min virouse de costas e chantou a mirada no mar. E xuzgando que xa non quería comerme os angumiños, arrisqueime a falarlle. E dispois dunha leria raposeira quedamos amigos.

No segundo ano Peito de Lobo apañou tal carpanta de anís escarchado que bailou co cabezudo na praza, e dáballe bicos e apertas, e chamáballe «meu irmanciño».

No terceiro ano saíu o cabezudo con espullas no nariz, cousa que fixen por mandado do mesmo Peito de Lobo.

Dende entón o meu amigo considerouse un pouco inmortalizado.

Fuxiron os anos e fuxiron as sardiñas para os xeiteiros. Peito de Lobo envelleceu de tempo e de fame. As festas viñeron a menos, como os quiñóns dos mariñeiros; mais o cabezudo aínda saía, un pouco destragado polos tratos ruíns que lle daba o sancristán.

Fai dous anos estaba un forasteiro ollando o cabezudo, con ese ollar dos que van ás festas e non se divirten, cando Peito de Lobo achegouse a el, paseniñamente, e dándolle co cóbado deitou quedíño na súa orella:

— Fíxese no cabezudo e repare en min. O cabezudo son eu.

Coma se nascese destiñado a ser unha cabeza grande de cartón, Peito de Lobo ollaba no cabezudo a súa forteza pasada, a súa esvaída popularidade.

O cabezudo non volveu a saír. O sancristán puxo enriba da cabeza de cartón o tumbo dos difuntos, e coa humidade do inverno aplacouse e quedou esmagada. Peito de Lobo tampouco volveu a saír. Un «aire de felesía» deixouno tolleito, e cómpre decirvos que lle dou o mal no mesmo intre en que o cabezudo foi vencido polo tumbo...

O ano derradeiro pasei diante da casa de Peito de lobo. ¡Que tristura me dou! Estaba no balcón, sentado, semellante a un monifate de farrapos, encostado no corpo vivo da súa compañeira. De pasada saudeino con agarimo. Peito de Lobo miroume con ollos de peixe podre, e a súa muller díxome con bágoas nos ollos:

— ¡Alá se foi o cabezudo, señor!

[Continuar lendo...](#)

**Un mundo de historias. Serie da TVG, capítulo
baseado no relato [O retrato](#)**

Os vellos non deben de namorarse (1941)

Descargar en pdf

Representación do ano 2000, Centro Dramático Galego (IGAEM). Obra completa.

Lela

*Están as nubes chorando
por un amor que morreu.
Están as rúas molladas
de tanto como choveu.*

Lela, Lela,
Leliña por quen eu morro,
quero mirarme
nas meniñas dos teus ollos.

Non me deixes
e ten compasión de min.
Sen ti non podo,
sen ti non podo vivir.

Dáme alento das túas palabras,
dáme celme do teu corazón,
dáme lume das túas miradas,
dáme vida co teu dulce amor.

Lela, Lela,
Leliña por quen eu morro,
quero mirarme
nas meniñas dos teus ollos.

Non me deixes
e ten compasión de min.
Sen ti non podo,
sen ti non podo vivir.

Comentario
Cantada por María do Ceo

Sempre en Galiza (1944)

- Propóñome demostrar que Galiza é unha unidade nacional perfecta, e que, polo tanto, ten dereito a dispor dos seus destinos.
- A nosa vaca ten o pesebre en Galiza e os tetos en Madrid. E o que non lle dá de comer a unha vaca non ten dereito a muxila.
- A cidade cree que fóra dela non hai máis que paisaxe, patacas, e leite...; ignoran que tamén existe unha cultura nobre, antiquísima e insobornable.
- A vergonza é peor que a fame.
- O verdadeiro heroísmo consiste en trocar os anxeios en realidades, as ideas en feitos.
- ¿Con que dereito se nos obriga a deprendermos a lingua de Castela e non se obriga aos casteláns a deprenderen a nosa?
- Concebimos a Hespaña como un soio estado, constituído polo libre consentimento de catro pobos: Castela, Cataluña, Euzcadi e Galiza.
- E somentes preservando as nosas enerxías autóctonas, a nosa capacidade creadora, é como poderemos contribuír á civilización universal incorporando a ela as nosas creacións inéditas.
- O galego é a forma máis antiga das linguas neolatinas de Hespaña e a primeira que alcanzou un pleno desenrolo literario.
- A dominación de Galiza endexamaís será efectiva entrementras fale un idioma diferente do castelán.
- Chegan a decir que o problema galego igual que o vasco e catalán, depende da solución que acorde a maioría dos hespañoes... ¡Estábamos aviados!
- O pobo é somentes soberán o día das eleccións.
- O idioma imposto non logrou matar o seu idioma natural; pero logrou degradalo.
- Os ingleses aldraxan aos escoceses; os franceses aos bretóns; os casteláns aos galegos. E todos eses aldraxes non son máis que un recoñecemento tácito do "carácter nacional"
- Nós queremos ser hespañoes, pero a condición de que este nome non nos obrigue a sermos casteláns.
- Pero dentro de Portugal quedounos a metade da nosa terra, do noso espírito, da nosa lingua, da nosa cultura, da nosa vida, do noso ser nacional.
- Unha lingua é máis que unha obra de arte; é matriz inagotable de obras de arte.
- Non hai máis solución que o federalismo para chegar á paz do mundo.
- Se a cultura é o mellor froito da nación, será preciso recoñecer que non hai vida nacional única onde existan diversas culturas.
- Non: o internacionalismo eficaz non deserta das patrias, senón que as transforma en órganos dunha nova humanidade.
- Galiza foi un Reino independente até o século XV e despois gozou das ventaxas do réxime autónomo até ben entrado o século XIX.
- Galiza soio merecerá respecto cando abandoemos a nosa mansedume, despois de

saber o que fomos, o que deixamos de ser e o que seríamos con vida independente.

- Somos tan galegos hoxe como éramos no século XV, antes de sermos asoballados polos "Reis Católicos".
- Se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma.
- Porque a verdadeira tradición non emana do pasado, nin está no presente, nin se alvisca no porvir; non é serva do tempo. A tradición é a alma eterna de Galiza, que vive no instinto popular e nas entrañas graníticas do noso chan. A tradición non é a historia. A tradición é a eternidade.
- Para nós, os galegos, afeitos a percorrermos o mundo e a convivir con tódalas razas, o nacionalismo racista é un delito e tamén un pecado.
- Se eu agora tivera nas mans a posibilidade de independizar a Galiza non dubidaría en aceptar esa posibilidade para salvar a miña Terra do terrorismo falanxista e para decirlles a tódolos hespañoes desterrados: "Vinde a este anaco de terra hispana para vivirdes en liberdade".

Continuar lendo...

70 aniversario

Citas



RAFAEL DIESTE

(Rianxo, 1886 - Bos Aires, 1950)

PROSA

***Dos arquivos do trasno* (1926)**

ENSAIO

***A vontade de estilo na fala popular* (1971)**

TEATRO

***A fiesta valdeira* (1927)**

[Galipedia](#) / [BVG](#) / [RAG](#) / [Homenaxe a Rafael Dieste](#)

Dos arquivos do trasno (1926)

Sobre a morte de Bieito

Foi perto do camposanto cando eu sentín boligar dentro da caixa ao probe Bieito. (Dos catro levadores do cadaleito eu era un). ¿Sentino ou foi apreensión miña? Destonces non podería aseguralo. ¡Foi un rebulir tan maino...! Como a teimosa puvulla que rila, rila da noite, rila de entón no meu maxín afervoadado aquel mainiño rebulir.

Pero é que eu, meus amigos, non tiña seguranza, e polo tanto –comprende, escoitade– polo tanto non podía, non debía dicir nada.

Maxinade nun intre que eu dixese:

O Bieito vai vivo.

Tódalas testas dos velliños que portaban cirios ergueríanse nun babeco aglaio. Tódolos pícaros que viñan estendendo a palma da man baixo o pingotear da cera, virían en remuíño arredor meu. Apiñocaríanse as mulleres a carón do cadaleito. Escorregaría por tódolos beizos un marmular sobrecolleito, insólito:

¡O Bieito vai vivo, o Bieito vai vivo!...

Calaría o lamento da nai e das irmás, e axiña tamén, desacompasándose, a gravosa marcha que planxía nos bronces da charanga. I eu sería o gran revelador, o salvador, eixo de tódolos asombros e de tódalas gratitudes. E o sol na miña face cobraría unha importancia imprevista.

¡Ah! ¿E si destonces, ao ser aberto o cadaleito, a miña sospeita resultaba falsa? Todo aquel magno asombro viríase inconmensurábel e macabre ridículo. Toda a arelante gratitude da nai e das irmás, tornaríase despeito. O martelo espetando de novo a caixa tería un son sinistro e único na tarde estantía. ¿Compreendedes? Por iso non dixen nada.

Houbo un intre en que case me decidín. Dirixinme ao da miña banda e, acobexando a pregunta nunha surrisa de retrouso, deslicei:

— ¿E si o Bieito fora vivo?

O outro rieu picaramente coma quen di: “Que ocurrencias temos”, i eu amplifiquei adrede a miña falsa surrisa de retrouso.

Tamén me vin a rentes de dicilo no camposanto, cando xa pouráramo-la caixa e o crego requeneaba.

“Cando o crego remate”, pensei. Mais o crego acabou e a caixa desceu á cova sen que eu poidese dicir nada.

Cando o primeiro cadullo de terra, bicado por un neno, petou dentro da cova na táboas do ataúde, rubíronme astra a gorxa as verbas salvadoras... Estiveron a punto de xurdiren. Mais destoncees acudeu novamente ao meu maxín a casi seguranza do arrepiante ridículo, da rábea da familia defraudada, si o Bieito se atopaba morto e ben morto. Endemais o decilo tan tarde acrescía o ausurdo desorbitadamente. ¿Cómo xustificar non o ter dito enantes? ¡Xa sei, sa xei, sempre se pode un expricar! ¡Si, si, si, todo o que queirades! Pois ben... ¿e si tivese morto despois, despois de o sentir eu remexerse, como quizais poidera adeviñarse por algunha sinal? ¡Un crime, si un crime o me ter calado! Ouvide xa o rebumbio da xente...

— ¡Pediú auxilio e non llo deron, malpocado!...

- Il sentía chorar, quíxose erguer, non puido...
- Morreu de espanto, saltoulle o corazón ao se sentir descer na cova...
- ¡Velaí o tendes, coa cara torta do esforzo!
- ¡E ise que o sabía, tan campante, aí a surrir coma un pallaso!
- ¿É parvo ou que?

Todo o día, meus amigos, andiven tolo de remorsos. Vía ao probe Bieito grafiñando as táboas nise espanto ausoluto, máis alá de todo consolo e de toda conformidade, dos enterrados en vida. Chegoume a parecer que todos lían nos meus ollos adormiñados e lonxanos a ouseción do delito.

E alá pola alta noite –non o puiden evitar- funme camiño do camposanto, coa solapa subida, ao arrimo dos muros.

Cheguei. O cerco por unha banda era baixiño: unhas pedras mal postas, apreixadas por herbas e silveiras. Paseino e fun dereito ao sitio... Deiteime no chan, apliquei a orella, e axiña o que ouvín xioume o sangue. No seo da terra unhas unllas desesperadas rabuñaban nas táboas. ¿Rabuñaban? Non sei, non sei. Alí perto había un sacho... Ía xa cara a il cando fiquei suspenso. Polo camiño que pasa arentes do camposanto sentíanse pasadas e remor de fala. Víña xente. Destonces si que sería ausurda, tola, a miña presenza alí, daquelas horas e cun sacho na man.

¿Ía decir que o deixara enterrar sabendo que estaba vivo?

E fuxín coa solapa subida, pegándome aos muros.


A lúa era chea i os cans latricaban lonxe.

Curtametraxe de Xudit Casás baseada no relato

Continuar lendo...

Comentario de O neno suicida

A fiesta valdeira (1927)



Representación teatral
Comentario

GALEGAS

S. XIX

- **CONCEPCIÓN ARENAL**
- **FELICIA AUBER**
- **EMILIA CALÉ**
- **FILOMENA DATO** (segunda muller en publicar un libro en galego)
- **CLARA CORRAL AYER** (publicou poemas en galego e aparece como correspondente na primeira listaxe da RAG)
- **MARÍA DIOS** (pintora e docente, compañeira do pai de Isaac Díaz Pardo e mestra de Castelao)
- **ELISA e JIMENA FERNÁNDEZ DE LA VEGA** (primeiras médicas formadas na USC)
- **EMILIA PARDO BAZÁN**
- **DOLORES RODEIRO** (única escultura coñecida anterior ao s.XX)
- **CONCEPCIÓNS SAIZ OTERO** (pedagoga e escritora)
- **AVELINA VALLADARES** (Primeira muller en publicar artigos de opinión)

1º terzo do S. XX

- **A BELA OTERO**
- **MARÍA VALVERDE** (famosa cantante tradicional galega aplaudida en todo o mundo)
- **HILDEGART RODRÍGUEZ** (rapaza superdotada asasinada pola súa nai)
- **FRANCISCA HERRERA** (poeta e narradora infuída por Rosalía. Primeira muller en entrar na RAG)
- **CARME RODRÍGUEZ DE LEGÍSIMA** (pintora)
- **SOFÍA CASANOVA** (cronista de guerra)
- **PILAR CASTILLO SANTOS** (pianista)
- **CORONA GONZÁLEZ** (escritora preocupada pola emigración e a educación das mulleres, publicou en ANT)
- **MARCELA e ELISA** (matrimonio entre mulleres en 1901)
- **URANIA MELLA** (presidenta da asociación de mulleres antifascistas de Vlgo)
- **CARMEN LÓPEZ CORTÓN** (institucionista preocupada pola educación das mulleres)
- **MARÍA BARBEITO** (pioneira na renovación pedagóxica)
- **PLACERES CASTELLANOS** (política comunista da República)
- **RITA AMPARO LÓPEZ JAEN** (activista política na IIª República)
- **MARÍA CORREDOIRA** (pintora, membro do SEG)
- **MARIA MIRAMONTES** (defensora do estatuto e membro das IdF)
- **LUÍSA CUESTA GUTIÉRREZ** (última directora republicana da Biblioteca Nacional)
- **MARÍA PURIFICACIÓN GÓMEZ GONZÁLEZ** (única muller alcaldesa da IIª República)
- **MERCEDES VIEITO** (mestra e xornalista)
- **XOSEFA IGLESIAS VILARELLE** (autora do primeiro texto didáctico en galego, 1932)
- **MARÍA LUZ MORALES** (xornalista de vangarda, estivo á fronte de La Vanguardia durante a guerra do 36)
- **ENRIQUETA OTERO** (mestra e guerrilleira antifranquista, pasou vinte anos nos cárceres da ditadura)
- **CELIA RIVAS** (primeira camioneira do estado español, antes de comezar a guerra civil)
- **OLIMPIA VALENCIA** (primeira doutora galega)
- **MARUXA VILLANUEVA** (a raíña do alalá, cantante e actriz, protagonista de Os vellos...)

TRABALLOS – 1ºTRIMESTRE

1. Vento mareiro. Ramón Cabanillas.
2. Da terra asoballada. Ramón Cabanillas.
3. De catro a catro. Manuel Antonio.
4. Mar ao norde. Álvaro Cunqueiro.
5. Cantiga nova que se chama ribeira. Álvaro Cunqueiro.
6. O galo. Amado Carballo.
7. O porco de pé. Vicente Risco.
8. O lobo da xente. Vicente Risco.
9. Os camiños da vida. Otero Pedrayo.
10. Arredor de si. Otero Pedrayo.
11. Cousas. Castelao.
12. Un ollo de vidro. Castelao.
13. Dos arquivos do trasno. Rafael Dieste.
14. O Mariscal. Ramón Cabanillas.
15. O bufón d'el Rei. Vicente Risco.
16. Os vellos non deben de namorarse. Castelao.
17. A fiestra valdeira. Rafael Dieste.
18. Sempre en Galiza. Castelao.

GUIÓN

1. PORTADA
2. ÍNDICE
3. DESENVOLVEMENTO:
 - I. Contexto histórico no que se enmarca o autor/a e a súa obra.
 - II. Importancia do autor/a para a Historia da Literatura Galega. Corrente/s a que pertenceu, asociacións ou movementos a que estivo vinculado...
 - III. Situación da obra no conxunto da produción literaria do autor/a e interpretación da mesma partindo do comentario dun fragmento ou poema da mesma.
4. CONCLUSIÓN (pegada do autor/a e da súa obra hoxe)
5. FONTES

DATA DE ENTREGA : **21 NOVIEMBRO**

EXPOSICIÓN: a partir do 25 de novembro